


EXPTE. Nº 13/2015–O.A. TERRA DE SANXENXO: “ARRENDAMENTO DE LOCAL CON DESTINO A AXENCIA DE LECTURA MUNICIPAL EN VILALONGA”

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E SUCESIVA TRAMITACIÓN, APROBACIÓN DO GASTO E DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**“ARRENDAMENTO DE LOCAL CON DESTINO A AXENCIA DE LECTURA MUNICIPAL EN VILALONGA”:** Dada conta do expediente para a contratación do arrendamento enunciado e vistos os Informes emitidos pola Secretaría Municipal de data 22/10/2015 e pola Intervención Municipal de data 26/10/2015, esta alcaldía **resolve:**



**Primeiro:** Aprobar o devandito expediente de contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración. A tramitación é ordinaria. Sinálase como presuposto máximo de licitación durante a total duración do contrato (dous anos), **10.800,00 €**, sen incluír o IVE, o IVE ascende a **2.268,00 €** e o presuposto máximo de licitación durante a total duración do contrato (dous anos), co IVE, é de **13.068,00 €**. O presuposto máximo de licitación mensual, é de **450,00 €**, sen incluír o IVE, o IVE ascende a **94,50 €** e o presuposto máximo de licitación mensual, co IVE, é de **544,50 €**.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de data 15 de outubro de 2015, redactado polo arquitecto municipal, que consta de 11 cláusulas e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 21 de outubro de 2015, que consta de 21 cláusulas e 5 anexos.

**Terceiro:** Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), Diario Oficial de Galicia (DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es).

**Cuarto:** Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 33213/20200 do orzamento separado do Organismo Autónomo “Terra de Sanxenxo”, por un importe máximo de licitación de **13.068,00 € (IVE engadido e duración máxima do contrato dous anos)**.

**Quinto:** Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/11 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, designar aos seguintes membros para constituír a Mesa de Contratación deste procedemento:

## TERRA DE SANXENXO

---

Pazo Emilia Pardo Bazán  
Avda. Miraflores, s/n

Tel.: 986 727936  
36960 – Sanxenxo  
Pontevedra

- Presidente: O Sr. presidente do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, Don Gonzalo Gonzalo Pita.
- Secretario: O funcionario do Concello Don Celestino Otero Camiña.
- Vocais:
  - o O Interventor Xeral, Don José Juan Vidal Vilanova
  - o O Secretario Xeral de Terra, Don Ángel Luis López Pita
  - o O Concelleiro de cultura, festexos e xuventude, Don Roberto Carlos Agís Balboa
  - o A Concelleira de benestar social, educación e normalización lingüística, Dona Sandra Fernández Agraso

**Dada en Sanxenxo o vinte e sete de outubro de dous mil quince.**

**O presidente**



**Gonzalo Gonzalo Pita**

**ante min, o secretario de Terra**



**Ángel Luis López Pita**